

# FIADDEIRO

LETRAS



GALEGAS

17 - 5 - 2002

CEIP DE BELUSO

# ÍNDICE

EDITORIAL

F. MARTÍN SARMIENTO

VIAXE DE SARMIENTO POLO MORRAZO

XORNADAS DO P. SARMIENTO

EDUCACIÓN INFANTIL

IGREXA DE SANTIAGO DE HERMELO

A SOBREIRA

MEU PAI É MARIÑEIRO

A GAIVOTA ATREVIDA

REDEIRAS

RINCÓN DA POESÍA

OS NOSOS MELLORES CONTOS

BOSQUE TRISIE, BOSQUE ALEGRE. A LONTRA NOTI E

O GOLFIÑO MAKRO

A VIEIRA

EMBARCACIÓNS DA PESCA DA VIEIRA

A PESCA E O CULTIVO DA VIEIRA

A VIEIRA NA COCIÑA

ENQUISA

DEPORTES

O HUMOR DE KIKO DA SILVA

PASATEMPOS



# EDITORIAL

Como tódolos anos ós alumnos de 6º tócalles facer a editorial do **FIADEIRO**.

Nela aproveitamos para despedirmos de tódolos titores, mestres, porteiros, amigos, compañeiros... que tanto nos axudaron ó longo destes 9 anos.

Esperamos non vos defraudar no I.E.S., despois do que loitastes connosco, para facernos desde nenos uns “ bos estudantes e boas persoas”.

Tamén nos gustaría facer unhas propostas para que os nenos que cheguen disfruten aprendendo coma nos.

As propostas son as seguintes :

Que se fagan máis talleres, unha emisora de radio (que nos prometeron), que sigan o Cross de Beluso e a Semana Cultural como símbolo diferenciador do noso colexio e, sobre todo, que non falte o noso **FIADEIRO**.

Dedicamos unha lembranza especial a Ramón e a Clotilde que tantos anos pasaron connosco.

Con moita mágoa e moita tristura damos remate a nosa estancia no colexio.

**¡ SEGUIDE ASÍ !**

**¡ ATA SEMPRE !**

**ALUMNOS DE 6º**



**¡¡ ESPERAMOS UNHA BOA DESPEDIDA !!**

## FREI MARTIN SARMIENTO

Naceu en Villafranca del Bierzo (León) o 9 de marzo de 1695. Fillo de Alonso García Gosende e de Clara de Balboa Sarmiento. Eran seis irmáns, catro homes e dúas mulleres.

O seu verdadeiro nome era o de Pedro José García Balboa, pero ó entrar na orde beneditina cambiouno polo de Martín Sarmiento.

Cando el tiña catro meses, trasládase toda a familia á rúa da Palma, en Pontevedra, onde pasa os primeiros quince anos da súa vida. Máis tarde residen en Mourente, no pazo de Santa Margarida, construído polo seu pai. Seus avós viven en Cerdedo, no pazo das Raposeiras.

A súa primeira escola foi o colexio dos xesuítas, pero logo elixe a orde beneditina e cursa

artes no mosteiro de Lérez, sendo posiblemente o Padre Feijoo un dos seus primeiros mestres.

O 3 de marzo de 1710 sae para o convento de San Martín de Madrid para “vestir o Santo Hábito”.

En 1715 inicia os estudos de teoloxía en Salamanca. Nesta época é cando el cambia de nome.

En 1720 inicia a súa carreira como profesor de teoloxía no convento de Celorio, en Asturias.

En 1725 volve para Madrid. En 1726 sae para Toledo onde botou quince meses repasando os códices do arquivo da catedral.

En 1732 publicará a única obra editada en vida, a *Demostración Crítico-Apologetica del Teatro Crítico*

*Universal*, en defensa do seu amigo Benito J. Feijoo.

En 1743 recibe a encarga do rei Felipe V de facer o dictame sobre o “*Sistema de adornos de escultura, interiores e exteriores para el nuevo Real Palacio de Madrid*”, que será reiterado por Fernando VI.

1745 é un ano que marcará definitivamente a súa vida. Pasará o verán en Pontevedra. Despértase a súa vocación naturalista. Traballa incansablemente recollendo materiais: plantas, voces vulgares, topónimos, inscricións, froitos, peixes, cunchas, aves, mariscos... Confesa que deste xeito tomou grande afección á historia natural, á botánica, á lingua galega, a indagar a orixe etimolóxica de cada voz galega e a súa relación co latín. Confesa que “por mi sola curiosidad he

atravesado todos cuantos arenales marítimos hay desde la boca del Miño hasta el Cabo Ortegal”.

A principios de febreiro de 1746 regresa a Madrid e con motivo da morte de Felipe V e a coroación de Fernando VI, escribe o *Coloquio de Perico e Marica, Coplas o Coloquio de 24 gallegos rústicos*. Nestas obras reflexa o coñecemento de Galicia, da cultura galega e da súa lingua.

Coa subida ó trono de Fernando VI intensifícanse as relacións coa coroa e cos homes influíntes: \_marqués de Medina-Sidonia, marqués de la Ensenada, duque de Huéscar... Outra vez ten que atender as novas encargas



que lle fan para os adornos do Palacio



Casa familiar das Raposeiras en Cerdedo.

Real.

Comeza a amosar un gran interese pola **botánica** e en 1754 regresa a Galicia co fin de “recrearme y divertirme...”. Percorre Galicia recollendo vexetais, animais, minerais... É a viaxe que consolida o seu cambio, o espertar do soño erudito, o seu irmandamento coa natureza. Entre 1753 e 1762 escribe *Pensamientos Crítico-Botánicos*.

En xullo de 1755 encóntrase co nomeamento feito polo rei como abade de Ripio, co apoio do marqués de Medina-Sidonia. Renunciará deste cargo a finais de 1757.

Os sesenta anos comeza unha etapa fecundísima na que tratará de estudar e clasificar tódolos materiais recollidos na súa viaxe a Galicia. Escribe varios tratados sobre botánica.

Os últimos anos da súa vida non sae practicamente da súa cela e non pode andar debido á gota e máis á gordura. Son anos de soidade e tristura. O seu desexo será incorporarse a algún mosteiro galego, pero só o retén a súa biblioteca con preto de 8.000 exemplares, pois non pode pagar o seu traslado.

En 1758 escribe dez plegos co título *El porque sí y el porque no del P. Sarmiento*, obra na que expón as razóns persoais e políticas que o motivan para non querer saír do seu retiro e das negativas a publicar as súas obras. Nunha carta escrita a Campomanes coméntalle: “no escribo por interés, no

por vanagloria, no por estafar el dinero al público... Escribo porque no tengo otra cosa que hacer viviendo tan solo y retirado, en mi rincón. Escribo porque no tengo con quien hablar...”.

En 1762 comeza a escribir a extraordinaria *Obra de seiscientos sesenta pliegos “hasta agosto de 766”*. Este traballo é un auténtico compendio de tódolos problemas e preocupacións intelectuais do seu tempo.

Rematada esta obra os dous temas que o van absorber son a **dignificación da lingua galega**, da súa xente e a **educación**. Sarmiento defende a lingua oral, falada polas clases populares como a única auténtica e natural, válida para a comunicación, que é o seu fin. Estudiará a lingua galega comparado co portugués, co castelán e co latín.




Igrexa e convento de San Martín, o seu fogar madrileño.

Outra das súas preocupacións é a educación que para el é o instrumento para facer homes e mulleres bos e felices. Na súa obra *La educación de la juventud*, auténtico ideario pedagóxico, di que os homes e as mulleres non nacen, fanse, de aí a grande importancia da educación, que pode modelar ós homes e ás mulleres. Deben aprender experimentalmente, sen castigos, e sempre na lingua que se “mamou”, na lingua vulgar.

Morreu en Madrid no ano 1772.

6ª

## VIAXE DE FR. MARTIN SARMIENTO POLO MORRAZO



En 13 de setembro, luns, saí a reconecer lo que hay de mar desde Pontevedra hasta La Guardia. Salcedo: Pontevedra. Goleta. Mollavao. Tres Hermanas.

Lourizán: Sobrido. San Gregorio. Lourizán. Casa de la Ser Nuestra Señora de Quitapesares o Nuestra Señora de los Placeres ( acaso porque placer significa baxío de arena y aquí la hay ) es una punta que con el tiempo será isla. Marín: Canto de Area. Punta da Mouta. Puerto de Marín. Rio y puente Zapatal. Punta del Fuerte o Castillo, una legua. Punta de la Gamela. Mediodía y contra el Tenlo del Tambo. Porticello.

Mogor. Santo Tomé de Piñeiro: Agüete. Areal de loira. Punta de San Clemente, contra la de Festiñáns. Serra Seca, por tierra, Soage, Ponte Soage, otra legua.

Ardán, feligresía. Tioira, lugar, y arriba, a la izquierda, el Castelo de Ardán. Casas.

Lapamán o Porto Mayor, el arenal, desde la punta de San Clemente.

Cela: Santa María de Cela, feligresía. A la izquierda Torre de Feandre. Castiñáns o el Placer, otra legua.

Bueu, San Martín, feligresía. Arenal grande. Punta de Bueu, confronta con San Xenso. Hermelo a la izquierda, antes de la punta, media legua.

### SITIOS DE HERMELO

Lugar da Fonte. Do Rosal. Da Pereira. Meiro, medio diezmo. Esculca, monte. Paralaya, monte

### LUGARES QUE PAGAN EN HERMELO

Guimaráns en Santo Tomé. Feandre. Antepazo. Camarada. Castiñáns. Casal. Corvaz. Ferradáns. Martingas. Barral. Rio Frio. Graña. Viñas do Burgo. Mexide. Lamela. Morqueira. Ruivas. Beloso. Queimaño.

En Bueu: Otero. Pedreira. Barreiros. La Graña. lugar y arenal. Babelo. Valado. Cataquefaz. Sotelo. Viso. Vistoria. En Meiro: Tras Outo. Quintáns. Filos. Solinos. Outeiro. Casal Gordo Currás Portela.

En Beluso: Rosa del Faro. Rosa de Malvido. Torre. Anguiáns. Pazo. Outeiriño Udra. Montes de Udra. y Lago. Gondar de Sar. Sar de Juan Martinez.

Novas. Curral de Sar. Ribas. Piñeira. Fuente Fría. La Regueira. Villar. Pedrosa de Paxarín. Pedrosa de Solinos. Bon. San Mamed de Carvalla. Monte Cavallo. Cova Da Raposa.

En Aldán : Gondión de Arriba. Menduiña. Herbello. Nogueira.

En Hio: Contín. O Cón. Outeiro. Barra. Curral. Pinténs.

En Coiro: Retirosa. Buen Dinero. Quintáns y Madalena. Outeiro. Paradela. Castrillón Treeiro. Telleiro. Pazo. Cancela. Barcias. Rego de Pereira. Filtreira. Carracedo. Lousán. Senín y Fiadores. Serra Pequena. Boqueira.

En Moaña: Moaña. Lamela. Casa Nova. Miranda, montes de Broullón. Cerqueiro Mesuada. Casal Formoso. Miranda. Redondiño. Canizar y Centeal. Foso Noval.

En Tirán: Tirán: Fonte da Vila. Fonte das Balas. Praíña. Currugueira.

En Meira: Molino de Tobal. Couzo. Rioboo.

En Domayo: Vilinova. Longarelas. Bouza. Costa. San Lorenzo. Paradela. Pumariño.

Tiene Hermelo dos cotos, uno el de Hermelo y otro el de Meiro, junto a Bueu. En Hermelo hice noche. Es un sitio alto y casi desierto, pues sólo tendrá 20 ó 30 vecinos. Tiene al oriente el monte alto Prealaya, y al poniente, a co de medio cuarto de legua, está el monte de la Esculca, el cual es una sierra de Norte a sur y de la cual se descubre infinito.

A la tardecita subí a la Esculca con el fin de verse ocultar el sol y por estar nublado no se notó cosa especial. Pero si registré infinito mar, bocas de rías, Rías, puntas, etc.

Divísase lo del Grove, lo de La Lanzada, Portonovo ( que miran a la punta de Udra o Beluso ). Lo de San Xenxo ( que mira a la punta de Bueu ) y el monasterio del Poyo hacia el nordeste. Vese cerca la punta de Bueu. Cabalo. La isla Onza, la grande de Ons, y el Centulo. La punta de Udra o Beluso, la punta de Hyo o del Couso, y la ría de Aldán, que entra por las dichas dos puntas. Vense las islas de Syas o de Bayona. Vese la ría de Vigo y el Monte Real, o el de Bayona, es uno de los mejores puntos de visión que se puede imaginar.

La iglesia de Hermelo es muy antigua y pequeña, parecida a la del Tambo, y a la de la Misarela, con división para la capilla mayor. Hay varias sepulturas y una con el báculo, otra con cinco renglones latinos y letras góticas, que ocupan toda la losa, que está en el suelo. Copié mucho de ella y parece ser de la era MCX (1140 ) y es de notar el X del 40 gótico.

Hay una inscripción latina más moderna, que es fácil de leer, pero está detrás de los colaterales altares, media en una y media en otra, y cada una de cinco renglones. Léese de un tal Arias y

antes se dice “obiit “. El letrado está en el alto en las paredes de los dichos colaterales.

El martes 14 salí de Hermelo para Cangas, distante sólo una legua, pero rodee tres, con el fin de registrar todos los cabos, y puntas y boquetes de rías que hay hasta el mar. Todo lo que la tarde antes había registrado desde la Esculca de Hermelo, pues parece que todo estaba debajo de los pies según la altura de la Esculca.

De Hermelo a la Portela, media legua. La Portela es cosa curiosa, pues es un valle de poco más de media legua, que está al pie de la sierra de la Escusa, que está al oriente, y al occidente está la cadena de montes, que llaman de Leboreiro. El primor es que este valle liga la ría de Pontevedra, al oriente de la punta de Bueu, con la ría de Vigo hacia Cangas. En esta Portela también hay una ermita de San Amaro.

De Portela se doblan los montes de Leboreiro y se entra en otro valle, que tiene al poniente otra cadena de montes, que se llaman montes de Gandón, en el valle el lugar de Gandón; a la derecha va la punta de Udra y feligresía de Beluso.

Aldán ( feligresía ). Casa de Gayoso a lo último del arenal y ría de Aldán, el que dista más de legua de la boca barra.

San Andres do Hyo una legua de Portela. Pasé a registrar el cabo de Couso, y es el que con el de Udra hace la boca de la ría de Aldán. Después rodeé para ver el cabo de Mellide, que es el que mira a las islas de Bayona, y juega a la ría de Vigo. San Andres de Hyo, volví aquí, media legua.

Liméns, arenal que con un cuarto de legua, se junta con el de Aldán. Piténs.

Xareira. Nerga. Mentires. Denón. Lapa de Mentires. Agrela. Lobrey.

Santa María de Darbo y Nuestra Señora célebre. Cangas, una legua. Villa mediodía.

Cangas es una villa y puerto con una ensenada o bolsa, que está entre la punta de Balea al oriente y la punta de Rodeiro al occidente. De Cangas a Vigo hay una legua buena de mar. La iglesia colegiata es muy buena pero nueva.

La punta de Balea, el monte de la Madalena y el monte Leboreiro y la punta de Bueu todo es casi una linea, y a sus faldas, mirando al oriente, va el valle, canal y Portela cuyos extremos son Cangas y Bueu; y desde la Esculca se vieron las dos rías a un tiempo.

6° B




# XORNADAS DO P. SARMIENTO EN GALICIA

O 29 de novembro de 1745, saín do Pontevedra para a miña cela de San Martiño de Madrid coa seguinte ruta:

Pontevedra, Santa Clara, Altamira, A Seca, Santa Margarita, Monte Porreiro, Os campos, freguesía de Mourente, freguesía de Bora, as Pontes de Bora e Tenorio. Aquí no mosteiro de San Pedro, durmín.

O 2 de decembro, partín de Tenorio para Cerdedo pasando pola freguesía de Santiago de Viascón, Mallo, Quintáns, Castro, San Xurxo de Sacos, Cutián, freguesía de Santa María de Sacos, Dorna e Pedre. Dende aquí seguindo o Lérez arriba xa está a freguesía de San Xoán de Cerdedo a unha legua, o río só neste espacio corre chan polas praderías.

Raposeiras, aldea de Cerdedo, está cerca da confluencia dos ríos que pasan pola ponte de cerdedo: o río Piñota e o Seixo.



A casa da aldea das RAPOSEIRAS componse de tres, vellas, unha grande no medio e outras dúas colaterais. Ten un curral cun grande arco de perpiaño e, na clave, ten este escudo antigo.



Este Capitán Gosende, conduciu ás milicias de Montes á Coruña cando veu sobre ela Drake e de alí trouxo unha imaxe de Nosa Señora do Rosario e colocouna nunha capela de Cerdedo, dotouna e trouxo indulxencias de Roma.

Este capitán e a súa dona, María Quinteiro, fóronos meus terceiros bisavós, pais do meu bisavó Alonso Gosende.

# IMAXINAS


## SE A XIRAFÁ NON TIVERA PESCOZO

- Non podería comer, non lle chegaría ás árbores.
- Morrería porque sen cuello non podería traga-la comida.
- Sería baixísima.
- Poderíamos matala con matamoscas.
- Que non tería manchas no pescozo.



## SE A CIGOÑA NON TIVERA PICO

- Non collería peixes.
- Non podería comer.
- Non podería trae-los bebés.
- Non podería beber.
- Non poden respirar.
- Non poden picar.



## SE O ELEFANTE NON TIVERA TROMPA

- Non faría música.
- Non podería coller nenos.
- Non collería auga para beber.
- Non cantaría.
- Non faría caricias ni se daría bicos.
- Non comería mazás, nin herba, nin peixes.
- Non se poderían bañar.
- Nin berraría.
- Non podería respirar.

## SE O GATO NON TIVÉSE UÑAS

- Non cazaría ratos.
- Non podería rabuñar.
- Non podería subir polas paredes, polos tellados, ou polas árbores.
- Non podería pelexar con outros animais.
- Non podería excavar.

## SE A LETRA A NON TIVERA RABITO

- Que estaría sola e choraría.
- Ninguén lle daría a man.
- Parecería unha o ou un 0.
- Parecería unha bola de neve.
- Sería un círculo.
- En vez de araña diríase oroño.
- Angel sería Ongel.
- Ana chamaríase Ono.

**SE AS ARAÑAS NON TIVESEN PATAS**


- Quedábanse sempre quedas nun sitio.
- Non podería subir polas teas de araña.

**SE A ROSA NON TIVERA CHEIRO**

- Cheiraría mal.
- Non se podería plantar.
- Non se podería facer colonia.
- Non se poderían comprar.
- Quedarían só para adornar.

**SE A SEMANA NON TIVERA DOMINGOS**

- Non poderíamos pasear.
- Non comeríamos os cocidos dos domingos na casa da avó.
- Non poderíamos ve-las películas da tele.
- Non nos traerían os boliños.
- Non poderíamos ir o parque.
- Non iríamos a misa.
- A dona semanita faltaríalle un fillo e tería só seis.




**SE OS LIBROS NON TIVERAN LETRAS**

- Non poderíamos ler.
- Non aprenderíamos a ler.
- Non saberíamos o que din os contos.
- Poderíamos escribir nos libros.
- Non se estudiaría.
- Os libros estarían mudos.
- Terían só follas e debuxos.

**SE OS PEIXES NON NADARAN**

- Non comerían.
- Afogaríanse.
- Poderían pasear.
- Non se poderían mover.
- Caerían ó fondo do mar.
- Podíanse pescar fácilmente.



**SE AS ESCOLAS NON TIVERAN NENOS**

- Que as profes quedaban solas no cole e estaban tristes porque non había nenos.
- Os nenos sen ir á escola serían borriquitos.
- Non poderíamos estudar, nin xogar, nin traballar, nin ler contos nin facer libros.
- Non fariamos debuxos.
- As profes non gañaban cartos e aburríanse.
- Irían á escola as nais, os pais, os avós, as avoas e os bebés.
- Os nenos non se divertirían, porque os nenos divírtense máis no cole que nas casas.
- Os nenos non se poderían sentar.

**SE A GALIÑA NON PUXERA OVOS**

- Non terían pitiños.
- Non poderíamos comer ovos.
- Non poría ovos a galiña dos ovos de ouro.
- Non habería tortillas, pasteles, croquetas, filloas, empanadillas, roscóns, empanadas, sandwiches de ovos, salpicón, etc.

Educación Infantil.

## IGREXA DE SANTIAGO DE HERMELO

Murguia e o P. Sarmiento din que hai indicios para pensar que a igrexa de Hermelo, que dependía ultimamente de San Xoan de Poio, foi mosteiro a comezos do século VI.


Da primitiva igrexa románica nada queda, soamente unha inscrición de tres rengos sitas no muro testeiro do interior.

Baseándonos en dita inscrición o mosteiro foi restaurado no ano 1,104. A lectura é a seguinte:

TOLEGUM                    REGNANTE  
IMPERATORI                ADEFONSO  
GALECEA COMITE RAIMUNDOS,  
DIDAGOS                    SACERDOS  
EPISCOPALIS ERA MILLESIMA  
CENTESIMA                QUEDRAGESIMA  
FREDENANDUS TEF.

E á súa esquerda pódese ler :

ECLÉSIA    NEMPE    ISTA  
OMNINO            RESTAURATA  
ESSECRATUR    SICUT    IN  
PRESENTI    MANET    JACOBI  
APOSTOLI    AD    FREDENANDUS  
ABBAS ET AB ARIAS ZACARIEZI.



1.154 Nesta fecha tense algunha noticia concreta sobre esta igrexa: bula de Anastasio IV confirman dolos privilexios e posesións da igrexa compostelán no mosteiro de Hermelo.

1.199 nova bula do Papa Inocencio III.

Os datos máis antigos de casados e falecidos data de 1.577.

1.590 A parroquia é visitada polo arzobispo Juan Saanclemente, quen fai resaltar que dita igrexa e fábrica non tiña rendas. Manda que todas as feligresías acudan coas súas cruces en procesión.

1.600 O Visitador dispón que Poio faie a igrexa, repare o tellado e faga un muro arredor para as procesións.

1.732 Se lle ordena o párroco facela sancristía.

1.856 Na sesión do concello contestase a pregunta do Arzobispado si hai necesidade de cambio nas parroquias, contestase que pase a depender da parroquia de Cela o expriorato de Hermelo. Nesa data o atrio xa tiña muralla.



1.979 Do mosteiro non queda nada, so permanece a egrexia..

ESTUDIO DAS INSCRICIÓNS DE SANTIAGO DE HERMELO FEITO POLO P. SARMIENTO NO ANO 1.745 NA SÚA VIAXE POR GALICIA.

En el priorato de Santiago de Hermelo o de Ermelo de nuestra orden de San Benito y anejo a nuestro monasterio de San Juan de Poyo estuve, vi la iglesia, y en ella las sepulturas son de losas enteras. Algunas tienen ésta o la otra insignia, como báculo, etc.

Una sepultura tiene una inscripción a lo largo toda, y que ocupa cinco renglones de letras góticas mayúsculas. Era ya tarde y estaban llenas las letras de tierra, y así no pude copiar más que las siguientes:

1º: S.....R9SE S9ES MOANS N<sup>6</sup>  
 2º: BOBEKY: CYMXPOREGMAJ  
 COROMATS.....  
 3º: BCE D'OPEDB' EXOR EDATJ  
 CYPASTJY  
 4º: M SVBLE LOCOMSAS9VIOBIT  
 &  
 DIE XRSTBI  
 5º: S.R.3IXINSACOBET NRE  
 EDNANDVS ABARVS.

Si alguno estuviere allí despacio podría copiarla toda y entonces se leería sin dificultad. Parece se lee aquí: Requiescit...Joanes Nucizi...cum Christo regnat coronatus. Rogate Deo precibus exhorate dimitat culpas...sub celo comisas qui obit...die X Kalendas Septembris. Era MCX in Sancti Jacob, et in urbe Ferdinandus Abarus, o Albarus.

Aquí se debe notar la expresión gótica del X para significar 40 o XL. Y que en la era 1.140 o año 1.102 aún se usaba. Allí, dicen, hay tradición que,

andando un obispo arzobispo a la visita, había muerto en Hermelo. Acaso estaría sepultado aquí. Pero ya hace tiempo, que sirve de sepultura común, pues está en el suelo, y habrá tres años que allí se enterró una vieja.

Es preciso averiguar a quien se referirá aquel Ferdinandus Abarus, o Albarus, pues no dice Abatis, y si aquello “in Sancti Jacob et in urbe” alude a Arzobispo de Santiago o a Santiago de Hermelo. Es razón que algún maestro del Poyo pase a certificarse de todo a Hermelo.

En la misma iglesia de Hermelo, la cual es muy antigua aunque renovada, de una sola nave pequeña y con capilla mayor como separada y cerrada, hay otra inscripción latina no en sepultura del suelo sino en dos paredes distintas, y son las que hacen espaldas a los dos

colaterales altares, Hay cinco renglones en una y cinco en otra, pero siguen el contexto. No se pueden leer porque lo impiden los altarcitos colaterales. Pero con facilidad se podrán apartar y se leerá todo. Aún se lee hacia la esquina: ARIAS...OBIT...

Acaso será rótulo del que está enterrado en el suelo entre los dos colaterales, cuya losa tiene dibujado un báculo. Acaso sería abad de Hermelo este Arias. Hay noticias en Poyo de don Juan Arias, abad de Hermelo.

6º B

# AS ÁRBORES DAS NOSAS FRAGAS




## A SOBREIRA (*Quercus suber*)

Árbore de folla caduca que pode acadar os 20 metros de altura. As ramas son curtas e grosas e a cortiza, que é fina e sucada nas árbores pequenas, é unha capa grosa de cortiza, agretada e algo esponxosa, de cor branco agrisada, nos exemplares vellos. As follas, de 3 a 7 cm, son coriáceas, ovado-oblongas, coa beira máis ou menos dentada, verdes pola cara e grises-tormentosas polo envés. Pecíolo de 8 a 15 mm. As landras, sen pecíolo, levan unha cúpula moi escamuda.

Florece en abril ou maio, e as landras maduran dende setembro a febreiro. Ás veces aparecen algunhas flores no outono, que dan landras no verán seguinte.

A sobreira vive en lugares cálidos, abertos e soleados, a pouca




altitude, con chans acedos. Atópase con frecuencia nas zonas das Rías, aínda que non en gran cantidade.

A casca da sobreira, o cortizo, ou corcho, pode ser arrancada cada nove ou dez anos para seu aproveitamento, se ben, a primeira exfoliación ten lugar cando a árbore ten entre quince e vinte anos, non sendo o corcho de boa calidade, pero a partir da segunda capa fórmase o corcho liso e flexible desexado. Segundo as condicións da zona, terán que transcorrer entre seis e doce anos ata que se forme unha forte capa de corcho duns 3 cm de grosor.

O cortizo, ten moitas aplicacións: industria de tapóns, artes de pesca, illantes sonoros e térmicos, industria do calzado e tamén para curtir o coiro polos taninos que ten a casca da sobreira Ademais, en Galicia emprégase para fabricar as colmeas tradicionais das abellas, que levan tamén o nome de cortizos.

# MEU PAI É MARIÑEIRO

Meu pai traballa no mar, é mariñeiro do gran sol. Está moitos días fóra da casa. Alí, no mar, traballa con aparellos, e pesca moitas clases de peixes: rapante, rape, pescada, pescadillas, e tamén lagostinos.



O seu barco é rambleiro. É coma unha casa pequena, pois alí ten cociña, comedor, baños e tamén camas, ás que lle chaman catres.

Na miña familia case todos son mariñeiros, meu pai, meus avós e meus tíos.

A min de maior gustárame ir ó mar coma meu pai.


## SOPA DE LETRAS

R	I	N	C	H	A	L	L	A	C	O
A	T	M	X	I	S	A	E	D	O	Z
P	P	A	R	V	F	Q	U	T	N	E
A	Ñ	I	D	R	A	S	R	A	G	S
N	O	P	Ñ	K	N	C	F	A	R	A
T	R	Z	E	I	E	G	H	K	I	J
E	L	U	U	S	C	P	E	Q	O	R
D	Z	R	P	O	A	Ñ	K	P	J	I
O	D	A	U	G	N	E	L	Q	A	S
X	O	R	E	L	O	C	U	A	F	R

ENCONTRAR O NOME DE SETE PEIXES:

- RINCHA
- FANECA
- CONGRIO
- SARDIÑA
- RAPANTE
- XORELO
- RAPE

## CRUCIGRAMA



- 1.-Aparato ó que se aferra un náufrago para non afundirse.
- 2.-Aparello para pescar potas ou luras.
- 3.-Animais acuáticos dotados de branquias, aletas e cola.
- 4.-Vehículo que aboia na auga e transporta persoas ou cousas.
- 5.-Aparello formado por un tecido de mallas para pescar.
- 6.-Instrumentos de madeira con forma de pa, para impulsar embarcacións ó facer forza na auga.

1º Ciclo

## A GAIVOTA ATREVIDA

Son un neno de nove anos, coma poucos nenos teño a sorte de ter dúas casas, unha donde vivo todo o ano, e a outra ó lado do mar que é onde pasámo-lo verán.

Un día estando na casa onde pasamos parte do verán, tivemos unha invitada sorpresa.

O conto foi que estaba miña avoa facendo a comida toda tranquila, coma sempre, ese día tiñamos para comer carne asada con patacas fritidas, a miña avoa puxo a carne na parrilla para que se fose asando e mentras foi á casa poñer as patacas a fritir, e, ó pouco, foi á parrilla para lle dar a volta á carne, cal foi a súa sorpresa, que ó chegar non había carne e o último anaco levávoa unha gaivota no peteiro.

Ese día pasamos sen comer a carne, ó principio a miña avoa disgustouse toda, pero como ía pasando o tempo íalle causando risa e acordándose do día, como se fose algo divertido que nos fixera a gaivota.

Marchamos e pasaron uns días ata que volvemos á casa, cando chegamos, a gaivota xa non estaba nos arredores da casa, pero para sorpresa de todos cando se acercou a hora da comida apareceu encima do hórreo chiando como se pedise de comer. Xa hai uns catro anos que ven cada verán a comer connosco.

Agora o día que non se pon no hórreo chiando pola comida, xa estamos todos pensando no que lle poidera pasar á nosa amiga a gaivota.

¡Xa é como da familia!



ABRAHAM PARADA OTERO. 4ºB

# OFICIOS PARA UNHA LEMBRANZA

## REDEIRAS



Dende Ribadeo ata A Garda, nas pequenas calas e portos, atopamos as *redeiras* ou *atadeiras* de redes, mulleres mariñeiras, mozas ou anciáns, que elaboran ou reparan as redes, entrelazando os fíos, movendo, cunha destreza impresionante, a agulla de madeira, especialmente preparada para elo. Nesta labor axudan, tamén, os mariñeiros que pola súa idade xa non poden ir ó mar.

Hai moitos anos, as redes, que primeiro eran de *algodón* e máis tarde de *cánabo*, lavábanse nas fontes e lavadoiros públicos e puníanse a secar, estiradas no peirao do porto. Faena que, co nailon, agora non é necesaria. Estas redes tinguíanse de cor vermello ou marrón. Para levar a cabo esta tarefa, puníase nunha pía de pedra (estas pías eran comunais) unha mestura de cáscaras de salgueiro e piñeiro roxo, que previamente se machucaba cun mazo de madeira, e cocíase nas caldeiras ou no pote durante dez horas. Despois, esta tinta, fervendo, pasábase á *gamela da casca* onde se mergullaba a rede. Esta tarefa facíase no pote ou na caldeira ou pío de pedra, dependía do tamaño da rede.

Crenzas populares dicían que cando se facían ou remendaban redes, estaba totalmente prohibido nomear as serpes, sapos e o moucho porque traía mala sorte; pola contra, considerábase síntoma de boa sorte, botar viño pola rede.

Cando a rede estaba preparada, recibía a *beizón* (auga bendita) para que os lances fosen bos e golpeábanse cunha rama de acivro mentres se repetía o seguinte conxuro:

*Aceviño, meu meniño  
aquí te veño buscar  
dalle sorte ao meu home  
no halar e no largar.*

As distintas artes de pesca, pola súa natureza, modos e procedementos

empregados para o seu uso, poden reunirse e clasificarse en seis grupos:

**ARTE DE CEBO.** Comprende todos aqueles nos que se pesca empregando cebos ou enganos para atraer os peixes, colocados en amocelos, nasas ou demais artes semellantes.

**ARTE DE ARRASTRE OU DE TIRO.** Inclúense tódalas formadas por redes, que lastradas convenientemente con pesos para que se sumerxan, chegan unhas ó fondo, manténdose outras entre dúas augas, e traballan por tracción exercida dende a superficie. Estas a súa vez poden dividirse en: **Cabo en terra**, se a tracción faise dende terra (xávega, boliches, introducidas polos cataláns en 1750, chicharros...) e **cabo a bordo**, se a súa tracción faise dende unha embarcación (Bou, artó, bonet...), entendéndose que de arrastre son aqueles que pescan rastreando ou dragando os fondos.

**ARTES DE RODEO.**

**ARTES DE DERIVA.**

En calquera destas dúas, non se descende ó fondo e que guiadas á deriva rodean ou enmallan os peixes.

**ARTES FIXAS.** Tódalas que se deixan descansar no fondo e non cambian de posición, unha vez que foron caladas, ata que se recolle a pesca.

**ARTES VARIAS.** Nas que se emprega directamente a man; debido a súa variedade non se poden incluír en ningunha das outras.

Na actualidade as redeiras seguen remendando as redes que se rompen nas rochas do fondo e tecen outras novas co seu arte ancestral e o encanto da súa artesanía non o botou a perder o **nailon**.

# RINCÓN DA POESÍA

## A BOLBORETA

Era unha bolboreta  
tan pequeniña, tan pequeniña,  
que por ter, ollos tiña.  
Un día ó ceo voou  
e todo o corpo lle medrou.

Pola noite sentada estaba  
mentres un suspiro botaba.  
Un canto lle saía moi triste,  
antes de comerse o alpiste.  
Esta lora, loriña, lora  
tiña que durmir sempre fóra.

**Jessica Barreiro (4º A)**

## O ELEFANTE


Vai de paseo,  
feliz o elefante.  
Vai de paseo,  
polo camiño adiante.  
Vai de paseo,  
subindo a súa trompa.  
Vai de paseo,  
tan fino e elegante.  
Vai de paseo,  
e todo emocionado.  
Vai de paseo,  
en busca da súa amante.  
Vai de paseo,  
pero non se acordou...  
¡Que paseaba  
sen desodorizante!  
Vai de paseo... de paseo... paseo ...

**Rocío Blanco (5º A)**

## O MEU AMIGO O SOL

Meu querido amigo o Sol  
¿que faremos durante sete meses  
sen o teu calor?  
¿Que será do meu ton moreniño  
sen o teu resplandor?  
Pobres lagartiños, meu querido Sol,  
¡que frío van pasar  
ata que volvas brillar!

**Cristian (4º A)**



## ¡QUE PENA!

Acabei de xantar,  
fun xogar.  
Era tarde e chovía  
e quedei sen xogar  
todo o día.

Estaban os nenos xogando,  
os paxaros cantando,  
e as nubes chorando.

¡Que pena!, ¡que pena!, ¡que pena!  
¡Que pena me da esa nena!

Triste estaba cantando,  
ela soa, ela soa chorando.  
Triste ela marchou  
e o colexio abandonou.

**Ana Teresa (4º A)**

## MARCHA A LÚA E VÉN O SOL

Mira ó ceo,  
¿que vés?  
Vexo un aro prateado.

Mira o día iluminado  
e a noite estrelada  
nos brazos do Sol,  
e a Lúa sentada.

Mira ó ceo,  
¿que ves?  
Vexo un aro dourado

**Alba Ferreira (5º A)**

# OS NOSOS MELLORES CONTOS

## A RA AVENTUREIRA

Había unha vez unha ra que lle gustaban moito as aventuras. Ela vivía nun regato con moitas amigas e sempre estaba rosmando. As amigas preguntábanlle que lle pasaba e, ela, dicíalles que quería marchar e involucrarse nunha aventura.

Un día, pasou un rapaz, que se chamaba Serxio, e a ra tivo unha idea e dixo: - ¡Bingo!, se me meto nun calcetín dese rapaz podería vivir unha aventura. Meteuse no calcetín e foise co rapaz.

Cando chegou Serxio á súa casa, notou o calcetín mollado e, o botar a man, atopouse coa ra. Esta era pequeniña, de cor marrón e tiña unhas pintas amarelas.

Serxio, rapidamente, meteuna nun acuario, que logo axeitou con rochas e plantas.

O día seguinte, cando Serxio foi mirar a ra ó acuario, xa non estaba.

Serxio e o seu irmán, Anxo, saíron a busca e deron con ela no regato onde vivía coas súas amigas.

Serxio e máis Anxo, díxéronlle ás ras que foran a vivir con eles e que coidarían delas. As ras aceptaron e dende entón viven felices na casa dos seus amigos.

### 2º CICLO DE EDUC. PRIMARIA

## A CABANA

Érase unha vez unha nena que foi ó río e perdeuse. Pasou moito tempo ata a noite. Pola

mañá, mirou unha cabana e decidiu entrar nela para vela por dentro. Cando entrou mirou a un home alto que lle dixo:

- ¿Que fas aquí, neniña?
- Eu viña ve-la cabana que é bonita, señor.
- Eu chámome Ramón ¿e tí?
- Chámome Ana.
- Ana, é mellor que voltes para túa casa.
- Vale, don Ramón, pero ¿podo voltar?
- Sí, Ana e ata logo.

E colorín colorado este conto xa rematou.

### 1º CICLO DE EDUC. RIMARIA

## PERDIDO NA SABANA

Esta é unha historia na que interveñen os alumnos de sexto curso dun colexio de África.

Un martes o profesor de naturais, o finaliza-la clase dixo:

\_ Atendédeme todos. O martes que ven, temos unha excursión á Sabana. Sairemos pola mañá e veremos todo tipo de animais salvaxes. Será moi bonito, e se queredes podedes levar as cámaras fotográficas para sacarlle fotos ás plantas e os animais.

Agora coller estas autorización e levalas a casa para que os as firmen os vosos pais para traela antes do venres.

Ó día seguinte, o profesor foi pasando lista e collendo as autorizacións:

\_ ¡Daniel, a autorización! - dixo.

E Daniel, un rapaz alto e rubio cos ollos azuis, levantouse e entregou o profesor, que se chamaba Xosé, a súa autorización.

E así fixo cos seguintes trinta alumnos da clase.

O martes seguinte tódolos nenos estaban preparados, cunha mochila o lombo e roupa deportiva

Subiron ó autobús e puxeron rumbo á Sabana, onde os esperaba un guía que lle ía indicar tódolos detalles da viaxe.

E por fin, ás dez da mañá, chegaron a Sabana para pasar alí todo o día.

Baixaron do autobús e seguiron o guía, ata un coche no que embarcaron todos, e saíron por un camiño de area percorrendo a Sabana e vendo os diferentes tipos de animais e plantas que o guía lles explicaba.

De súpeto, o coche parouse, todos miraron para o reloxo, eran as dúas, polo tanto tiñan que comer.

Daniel, David, Xosé e Agustín, sentáronse xuntos o carón dunha árbore.

Entón pasou todo.

Os catro amigos estaban a falar de que ocorrería no caso de se que perderan, cando un guepardo apareceu diante dos seus ollos.

David, Xosé e Agustín levantáronse lentamente e soubéronse a árbore que estaba detrás deles. Daniel asustouse tanto que botou a correr sen saber a onde ía.

Mentres ocorreu isto, o guía colleu unha corda e atoulla o pescozo

do animal e meteuno no coche. Foise co animal o centro da Sabana e de alí o pouco tempo volveu.

Os rapaces, xa estaban calmados. David, Xosé e Agustín baixaron da árbore aínda que ninguén se dera conta que faltaba Daniel.

Cando o guía chegou, o primeiro que dixo foi:

\_ ¿Estades ben rapaces ?

\_ ¡Si! - contestaron todos en coro.

\_ ¿Falta algún? - preguntou de novo.

David, Xosé e Agustín miráronse mentres os demais rapaces contestaban que si. De repente Agustín dixo:

\_ ¡ Señor ! Falta Daniel, non o vemos por ningures. A árbore non subiu.

\_ ¿Estades seguros rapaces?.

David, Xosé e Agustín contestaron que si.

\_ Entón imos buscalo, isto e perigoso, hai que encontralo canto antes. A metade que vaia co profesor e a outra metade comigo. ¡ Rápido ! dixo o guía.

E pasáronse todo o día buscando, ata que o anoitecer David mirouno nunha esquina tapado con follas e durmido. Entón avisou o guía, e este foi correndo ata alí.

\_ ¿Estás ben rapaz ? Nos deches un susto de morte.

Foron buscar o profesor e volveron para escola. Alí Daniel contou o que lle pasara, o medo que tivera e como de nervioso se quedara durmido.

**3º CICLO DE EDUC. PRIMARIA**

## A VIEIRA

**NOME CIENTÍFICO:** *Pecten máximus*.

**NOME GALEGO:** Vieira, peregrina, ferreña, xacobeira, avieira ...


**NOME CASTELÁN:** Vieira.

### Descrición.

A vieira pertence ó grupo de moluscos chamados “pectínidos”, Ten unha forma circular, agás na zona das orellas. O seu corpo está cuberto por dúas cunchas, a superior plana e de cor pardo-vermello, mentres que a inferior é de cor pardo-branco cunhas manchas pardacentas e ámbalas dúas sucadas no exterior por 15-17 costelas radiais.

No interior da vieira, preto do gonzo, hai unha masa carnosa; trátase das glándulas dixestivas. Un pouco máis abaixo atópase o músculo de cor branca que permite abrir e pechar as cunchas. A ámbolos lados deste músculo están os órganos xenitais masculino (de de color laranxa ou branco) e feminino (de color máis encarnado). Por detrás e debaixo están as branquias e envolvendo toda a masa visceral atopámo-lo manto, rematado por uns tentáculos sensitivos e uns ollos de color escura.

As vieiras de maior tamaño non adoitan pasar dos 15 cm.de longo e tardan uns 4 anos en acadar a talla comercial de 10 cm. de



ancho.

### ÓRGANOS INTERNOS DA VIEIRA

- |                                  |                                 |
|----------------------------------|---------------------------------|
| 1 – Palpos labiais.              | 2 – Boca                        |
| 3 – Órganos xenitais masculinos. | 4 – Órganos xenitais femininos. |
| 5 – Intestino.                   | 6 – Estómago.                   |
| 7 – Ano                          | 8 – Corazón.                    |
| 9 – Músculo aductor              | 10 – Branquias.                 |
| 11 – Ollos.                      | 12 – Manto.                     |
| 13 – Ril                         | 14 – Pé.                        |



### Hábitat e modo de vida.

Vive na zona litoral, en fondos superiores ós 10 m. de profundidade e preferentemente entre 25 e 45 m.. Prefire fondos de area limpa ou grava, podendo atoparse moi ocasionalmente en zonas de area fangosa.

Prefire permanecer en repouso, semienterrada na area nun buraco que ela mesma fai, pero pode nadar de forma rápida cando se ve ameazada. Para desprazarse nada a sacudidas pechando as cunchas de golpe, lanzando un chorro de auga que a fai avanzar en sentido contrario.

### Alimentación.

As vieiras son animais filtradores que reteñen coas súas branquias as partículas que se encontran en suspensión na auga (algas, plancto, partículas orgánicas, etc.). Estas partículas son levadas á boca gracias ós palpos labiais.

### Reproducción.

A vieira é hermafrodita, é dicir que madura á vez como macho e femia. Alcanza a madurez sexual á idade de dous anos. O desove e a fecundación teñen lugar no mar, durante a primavera ou o verán, formándose unha larva ás 48 horas. Esta larva vive nadando libremente no mar durante un tempo e fixada a algas, redes ... e vai sufrindo moitas transformacións ata converterse nunha vieira adulta.

### Distribución.

Son abundantes as zonas de vieira no Atlántico, desde o norte de Noruega ata o sur da Península Ibérica e Canarias. En Galicia os bancos máis importantes atópanse nas Rías Baixas.

**Andrea, Beatriz, Rocío, Sheila 5º A**


## EMBARCACIÓNS DA PESCA DA VIEIRA

Dado que a vieira sempre foi unha especie moi apreciada nas nosas rías, para a súa pesca utilizáronse moi diferentes tipos de embarcacións. Nun principio, as máis utilizadas, foron botes e lanchas que se movían a vela; tirando do rastro coa forza do vento. Na actualidade úsanse pequenos barcos a motor de dimensións variables. Entre eles poderíanse nomear: lanchas a motor, racús, planadoras, etc.

Na zona do Morrazo as embarcacións máis utilizadas son motores de madeira de potencia superior ós 50 HP. Estes barcos, en épocas nas que a vieira está en veda, utilízanse para todo tipo de traballos de pesca e marisqueo.

Cando se dedican á pesca da vieira, moitos deles, dispoñen dunha maquinilla que traballa por babor e estribor para tirar dos dous rastros; e un carretel, á popa, que suxeita as súas

malletas e permite subilos a bordo con máis facilidade.



Un destes motores, que podemos utilizar como exemplo, e o “ **Estela 2º** ” propiedade de José Domínguez Acuña e as súas características son as seguintes:

Folio : 3 - VI - 3 - 1855

Eslora: 11 m.

Manga : 3´60 m.

Puntal: 1´45 m.

Tonelaxe ( Rexistro bruto): 9´68

Clase de motor: Diesel “Chrysler”

Potencia do motor: 90 H.P.

Tipo de pesca ó que se dedica: Polbo, nécora, vieira ...


Adán, Alba, Diego, Maika 5º A

## A PESCA E O CULTIVO DA VIEIRA

A vieira que se ofrece no mercado pode obterse de diferentes formas:

### A pesca de arrastre.

Practícase cunha pequena embarcación que tira dun aparello chamado “rastros da vieira”. Este rastros é de gran tamaño (ata 2 m de ancho) e consta dunha estrutura metálica, en forma de triángulo, que comeza cunha argola na que se amarra a malleta e remata nunha peza en forma de rectángulo (dentes) na que vai suxeito o cope (rede de 2 m. de lonxitude) e os dentes (de 15 cm. de lonxitude, curvados cara atrás).



#### Partes do rastros da vieira

- |             |             |
|-------------|-------------|
| 1 – Argola. | 2 – Dentes. |
| 3 – Puente. | 4 – Cope.   |

Durante a faena de pesca os dous rastros amárranse nas argolas con malletas e lánzanse ó mar pola popa, un por cada banda. O barco en movemento vai tirando do rastros polo fondo durante un certo tempo. Despois os rastros, tirados pola maquina do barco, son izados a bordo onde se fai a selección da vieira, aproveitando só aquelas que teñan a medida regulamentaria.


### Cultivo de vieiras na batea.

Outra forma de conseguir vieiras é utilizar as cordas das bateas de xeito parecido ó utilizado na cría do mexillón e a ostra.

Cómprase a semente (vieiras de pequeno tamaño) e suxéitanse nas cordas onde van permanecer ata alcanzar o tamaño desexado.

Son varias as formas de amarra-las vieiras nas cordas e entre elas podemos nomear:

1. Amarralas á corda pola orella, cunha tanza.
2. Usar cemento rápido para pegalas á corda.
3. Engaiolalas en cestos plásticos encaixados uns noutros formando restras que se suxeitan á corda.



#### Sistemas de colocación nas cordas.

- 1 - Amarradas con tanzas.
- 2 - Pegadas con cemento.
- 3 - Engaioladas en cestos.

**Carlos, Daniel, Iván, Javier 5ª A**

## VIEIRA NA COCIÑA

A vieira é un molusco moi apreciado po-las persoas que gozan degustando marisco, existindo unha gran variedade de formas de cociñala.

### Limpeza da vieira.

As vieiras véndense vivas, polo tanto deben escollerse brillantes e con cheiro agradable. Debido a que viven en chans areosos de augas pouco profundas, ó alimentarse toman gran cantidade de area, polo que é necesario eliminala antes de cociñalas. Deben limpase mentres estean vivas. Primeiro separamos a cuncha plana da outra e retiramos tódalas vísceras menos a parte branca e a lingua alaranxada que ten arredor. (O brillo desa lingua indica a calidade da vieira). Unha vez limpas, resérvanse as cunchas valeiras para empregalas como pratos e presentar nelas determinadas preparacións.

### VIEIRAS Ó FORNO.

#### Ingredientes:

Vieiras - cebola - Perexil - Sal – Aceite de oliva – Pemento doce – Pementa branca – Pan raiado.

Córtase a cebola picada en tacos moi finos e dourase nunha sartén con aceite de oliva. Sazonamos e retiramos. Podemos darlle un toque de color a engadindo algo de pemento doce. A cada vieira, dentro dunha cuncha, pónselle unha chisca de pementa branca e un pouco de perexil ben picado, coa cebola dourada e cóbrese de pan raiado. Bótaselle uns grans de sal e métese ó forno de sete a dez minutos. A esta receita tamén se lle pode engadir : xamón, tomate, viño branco, etc.



### VIEIRAS Ó GRATÍN

#### Ingredientes :

9 Vieiras - ¼ l. de viño branco – Salsa de tomate - 1 cebola – 150 g. de pan raiado – Manteiga – Pementa – Sal.

Nunha cazola derretese a manteiga e dourase nela a cebola moi ben picada. Incorpórase a carne das vieiras, o viño branco e seis culleradas de salsa de tomate. Deixase cocer ata que reduza un pouco e bótaselle a pementa e o sal. Vólvese a colocar cada vieira na súa cuncha xunto cunha pouca salsa. Espolvoréanse con pan raiado e pónense no forno ata que estean algo douradas.

### VIEIRAS Á GALEGA

#### Ingredientes :

12 Vieiras - 1 vaso de viño branco seco – ¼ litro de caldo -1 cebola – 4 dentes de allo – Aceite– Perexil – Fariña – Sal.

As vieiras limpas, pónense ó lume nunha cazola con auga ata que abran. Así como van abrindo pásanse a un coador e vaise reservando o líquido de cocelas. O coral tamén se reserva. Unha vez coladas, rebózanse lixeiramente en fariña e frítense en aceite ben quente. Pónense nunha cazola e cóbrese co caldo e o viño deixándoas cocer lentamente durante cinco minutos. Transcorrido este tempo, retíranse do caldo e pásanse a unha bandexa que se coloca nun lugar quente. Frítense no aceite a cebola, o allo e unhas ramiñas de perexil e cando a cebola comece a dourar, bótase o caldo de cocelas vieira deixándoo no lume ata que se reduza. Pásase esta salsa polo pasapurés, espesándoa si é preciso cun pouco de fariña de millo e incorpórase nela o coral. Cóbrese as vieiras con esta salsa e métese ó forno durante cinco minutos.

**Bárbara, Dana, Juan, Tania 5ºA**

# ENQUISA SOBRE OS COSTUMES ALIMENTICIOS DOS ALUMNOS DO CENTRO

NÚMERO DE ALUMNOS CONSULTADOS.....175

Feita polos alumnos de 5º B

1. **¿Comemos sempre o mesmo?**

SI	3%	NON	97%
----	----	-----	-----

2. **¿Qué almorzas frecuentemente?**

<b>Leite</b>	<b>Zume</b>	<b>Froita</b>	<b>Pan</b>	<b>Galetas</b>	<b>Bolería</b>
92 %	55 %	22 %	14 %	69 %	50 %

3. **¿Qué acostumas a levar para o recreo?**

<b>Bocadillo</b>	<b>Bolería</b>	<b>Froita</b>	<b>Lambetadas</b>
67 %	27 %	15 %	26 %

4. **¿Qué é o que máis comes?**

<b>Carne</b>	<b>Pescado</b>	<b>Pasta</b>	<b>De todo</b>
40 %	33 %	51 %	57%

5. **¿Tomas legumes con frecuencia?**

SI	61 %	NON	39 %
----	------	-----	------

6. **¿Comes verduras?**

Moita	39 %	Pouca	49 %
-------	------	-------	------

7. **¿Cantas pezas de froita acostumas a comer diariamente?**

Unha	26 %	Dúas	26%	Máis	34 %
------	------	------	-----	------	------

8. **¿Acostumas a comer?**

O que che gusta	39 %	Comes de todo	56 %
-----------------	------	---------------	------

9. **Comes:**

O necesario	59 %	Comes de gula	27 %
-------------	------	---------------	------

10. **¿Canta auga bebes ó día, aproximadamente?**

Menos dun l.	10 %	Un litro	44 %	Litro medio	27 %	Dous ou máis l.	21 %
--------------	------	----------	------	-------------	------	-----------------	------

# DEPORTES



Durante este curso estanse disputando, como xa é tradicional, unhas competicións de BALONMÁN e FUTBITO, por cursos, nos recreos. Nestes intres temos xa rematadas, e cos correspondentes equipos gañadores, as de: FUTBITO FEMININO, BALONMÁN MASCULINO E BALONMÁN FEMININO. A competición de FUTBITO MASCULINO aínda se está celebrando e rematará aproximadamente a mediados de maio, polo que non podemos incluír o seu desenlace nesta edición do **FIADEIRO**.

## EQUIPOS GAÑADORES:

### BALONMÁN FEMININO.

#### 4ª.

REBECA FANDIÑO GÓMEZ  
JESSICA BARREIRO BARREIRO  
NAIARA GÓMEZ GARCÍA  
TAMARA GARCÍA PIÑEIRO  
ANA T. BARROS FERNÁNDEZ  
SARA MARIÑO MARTÍNEZ.

#### 6ª.

YANIRA BARREIRO DOMÍNGUEZ  
FÁTIMA COMEDEIRO DARROSA  
AIDA CRUZ ESTÉVEZ  
NEREA GARCÍA PAREDES  
ANALY GONZÁLEZ MARTÍNEZ  
NEREA GONZÁLEZ MARTÍNEZ  
ANABEL GONZÁLEZ BERNÁRDEZ

### BALONMÁN MASCULINO.

#### 4ºB.

ÁNGEL MOITAL OMIL  
ABRAHAM PARADA OTERO  
PABLO PIÑEIRO MUNDÍN  
DAVID RIVEIRO BARREIRO  
JULIÁN SEVILLA PIEDRAS  
JESÚS M. SOAGE VIDAL  
BREIXO VIDAL FERRADÁS



#### 6ª.

VÍCTOR M. AVE RIAL  
ALBERTO COSTAS MENDUÑA  
ISAAC FERNÁNDEZ MONTEAGUDO  
MIGUEL GARCÍA GARCÍA  
ÓLIVER GARCÍA PALANYSAMY  
DAVID GÓMEZ GONZÁLEZ  
ABEL JUNCAL LÓPEZ  
JOSÉ M. LEMOS BOUBETA

### FUTBITO FEMININO.

#### 4ºB.

VERÓNICA MARTÍNEZ VIDAL  
MÍRIAM OTERO GONZÁLEZ  
ANDREA OTERO ROMERO  
ANDREA POUSADA PORTO  
RAQUEL PAREDES RÍOS  
MÓNICA RODRÍGUEZ JUNCAL

#### 6ª.

YANIRA BARREIRO DOMÍNGUEZ  
FÁTIMA COMEDEIRO DARROSA  
AIDA CRUZ ESTÉVEZ  
NEREA GARCÍA PAREDES  
NEREA GONZÁLEZ MARTÍNEZ  
ANABEL GONZÁLEZ BERNÁRDEZ

**¡FELICIDADES ÓS GAÑADORES/AS E ÁNIMO A TÓDOLOS PARTICIPANTES EN XERAL PARA QUE MANTEÑAN A ILUSIÓN POR PARTICIPAR E DIVERTIRSE XOGANDO!**

----- XXXXX ----- XXXXX ----- XXXXX -----

O Domingo 10 de Marzo celebrouse a XXII edición do **CROSS DE BELUSO**. Temos que darlles moitas grazas ós nenos/as que viñeron e ós seus pais e delegados, polo seu interese e participación. Agradecer tamén o interese, esforzo e dedicación de todas aquelas persoas que fan posible, un ano tras outro, que se celebre esta tradicional proba.

Hai que resaltar a notable participación de atletas que houbo e especialmente no noso Colexio, con máis de 200 participantes no total das distintas categorías escolares para un Centro de Infantil e Primaria.

A continuación poñemos a clasificación individual, dentro dos 10 primeiros, dos nenos/as de Beluso nas diferentes probas e a clasificación por puntos dos Centros participantes:

**NENOS/AS DE 3 ANOS**

1. ISAAC PÉREZ
2. DANIEL MARTÍNEZ
3. PATRICIA TORRES
4. PAULA MARTÍNEZ
5. NOEL BARREIRO
6. MARTÍN PICHEL
7. M<sup>a</sup> PAZ BERMÚDEZ
8. YOEL LOIRA
9. RUBÉN PATIÑO
10. J. MANUEL LÓPEZ

**NENOS/AS DE 4 ANOS**

1. RAQUEL GONZÁLEZ
2. EVA PASTORIZA
3. ADRIÁN CURRÁS
4. JORGE POUSA
5. PEDRO ACUÑA
6. DARÍO RODAL
7. CRISTIAN FERNÁNDEZ
8. LAURA POUSADA
9. AGUSTÍN PIÑEIRO
10. ALBA MARTÍNEZ

**NENOS/AS DE 5 ANOS**

1. AITOR VILLANUEVA
2. SERAFÍN MARTÍNEZ
3. JUAN ROGEL
4. ÁNGEL DÍAZ
5. HUGO PÉREZ
6. ALBA RIAL
7. BREIXO BRENA
8. LUIS PÉREZ
9. DAVID MIRANDA
10. ANDREA SAMPEDRO

**PREBENXAMÍN MASC.**

8. PABLO REIRIZ

**ALEVÍN MASC.**

4. IAGO SOUSA
7. ABEL JUNCAL

**BENXAMÍN MASC.**

2. JULIÁN SEVILLA
9. JESÚS M. SOAGE

**ALEVÍN FEM.**

7. IRIA REY
9. FÁTIMA COMEDEIRO

**BENXAMÍN FEM.**

6. SORAYA BARREIRO
9. ANDREA OTERO

**CLASIFICACIÓN DOS CENTROS DE INFANTIL E PRIMARIA:**

1. SAN NARCISO.
2. C.E.I.P. BELUSO.
3. C.E.I.P. SEQUELO.

**CLASIFICACIÓN DOS I.E.S.:**

1. CASA DA VIRXE-CANGAS.
2. I.E.S. RODEIRA-CANGAS.
3. I.E.S. "ILLA DE ONS"-BUEU.



No “Deporte en Idade Escolar” organizado pola Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta e dentro da competición de TENIS DE MESA para as categorías Benxamín, Alevín e Infantil, temos que o equipo ALEVÍN FEMININO do C.E.I.P. de BELUSO gañou as dúas primeiras fases (a de Zona, celebrada en Beluso, e a de Área, en Pontevedra), proclamándose “CAMPIÓN DE ÁREA” e clasificándose así para xogar a Semifinal Provincial. As compoñentes deste equipo son:

**ALEVÍN FEMININO.**

- FÁTIMA COMEDEIRO DARROSA  
SHEILA BERNÁRDEZ GÓMEZ  
ANDREA FERNÁNDEZ PÉREZ

Tendo en conta que na categoría Benxamín só se xoga a nivel Comarcal, hai que resaltar a gran participación de xogadores/as e equipos do noso Colexio. Temos así que, nesta categoría, os DOUS EQUIPOS CAMPIÓNS, tanto masculino como feminino, son do COLEXIO DE BELUSO. Os/as compoñentes destes equipos son:

**BENXAMÍN FEMININO.**


- IRIS FERNÁNDEZ OTERO  
REBECA FANDIÑO GÓMEZ  
NAIARA GÓMEZ GARCÍA  
JÉSSICA BARREIRO BARREIRO

**BENXAMÍN MASCULINO.**

- PABLO PIÑEIRO MUNDÍN  
JULIÁN SEVILLA PIEDRAS  
ABRAHAM PARADA OTERO


**¡FELICIDADES!**

# O humor de KIKO da Silva



# PASATEMPOS

## Encrucillado



### Horizontal:

1. Límite ó norte de Galicia.
2. País veciño que limita polo sur con Galicia.
3. Inicial da Terra.- Vocal.-Ó revés, matrícula dos coches de Pontevedra.-Inicial de norte.
4. Provincia máis extensa de Galicia.-Galicia limita polo ... con Asturias e Castela-León.

### Vertical:

1. Santiago éo de Galicia.
2. Setentrional.
3. Ó revés, provincia galega que dá ós dous mares.
4. Rodeada de auga por tódalas partes.
5. Provincia galega que non ten mar.

## SALTO DO CABALO DE XADREZ

Seguindo os movementos do cabalo de xadrez atoparás un refrán referido á neve. Escribeo:

“Can.....  
.....”

	4	11	8
	RI	RA	VA
10	7	14	3
FA	NE	RRA	NA
5	2	9	12
BEI	DO	QUE	NA
	13	6	1
	SE	RA	CAN


## ADIVIÑAS

“Unha árbora con doce canas,  
cada cana, catro follas,  
cada folla, sete fillos,  
cadaquén ten o seu nome;  
adivina ti, se es home.”

“De doce irmáns que somos  
eu o segundo nacín;  
se eu son o máis pequeno,  
¿como pode ser así?”

“Estou no mar e non me mollo,  
estou no lazo e non me ato,  
estou no aire e non caio,  
estou na igrexa e non son santo”

## XEROGLÍFICO



¿Con quen vai no coche?

6º A

